

PREGUNTAS DE REPASO ALWAYS: LIÑA DO TEMPO (1 punto en cada exame)



1. Que dous pobos se atoparon no noroeste peninsular (aka Galiza actual) no ano 0? Conta brevemente cal deles estaba antes, quen chegou, cal foi o que exerceu o poder nos seguintes anos e até cando.

Estaba o pobo celta (ou castrexo, pois vivían nos castros) e chegou o pobo romano, que impuxo o seu poder (introduciron cultura e leis de Roma, relixión cristiá, lingua latina) e ostentárono até finais do século V.

2. De que século son os primeiros textos conservados en galego-portugués? Como se chamaban as composicións literarias de moda naqueles anos e cales son as 3 temáticas tratadas? Cal é o nome da etapa histórica da que estamos a falar?

Os primeiros textos conservados en gal-port son do ano 1000 d.C. A literatura de moda eran as cantigas, con tres temáticas principais: amorosa (amor e amigo), burla (escarnio e maldicir), e relixión (cantigas de Santa María). A etapa histórica chámase Idade Media (500-1500, mais a literatura sitúase na segunda metade 1000-1500).

3. Que dous acontecementos que suceden arredor do ano 1500 son decisivos para o futuro da lingua? Argumenta a resposta.

1. A separación lingüística e cultural entre Galiza e Portugal faise visíbel (+300 anos despois da independencia oficial do condado de Portugal) → o galego e o portugués convértese en linguas independentes (malia que irmás) para sempre.
 2. A colonización castelá faise evidente coa imposición de nobreza (xente que manda) e clero (xente da Igrexa) casteláns no poder galego → o castelán penetra en Galiza coma un idioma estranxeiro.
- + As dúas tendencias continuaron de xeito exponencial até a actualidade.

4. Os Séculos Escuros... cantos foron e cales foron as repercusións para a lingua?

Os Séculos Escuros foron tres, do XVI ao XVIII (1500-1800) e as repercusións para a lingua foi a súa dialectalización: seguiu se falando pola inmensa maioría da poboación pero non estaba permitido escribilo, nin falalo en 'lugares públicos'. As consecuencias son que non se fixou unha norma para o noso idioma (ninguén o estudou) e que a nivel literario non houbo produción en galego.

5. Lembra que as primeiras ideas galeguistas (provincialismo< rexionalismo< nacionalismo< independentismo) se teorizaron desde o primeiro terzo do século XIX mais, cal é o movemento literario que xurdiu del? Quen eran as principais autorías?

O movemento literario que xurde do Provincialismo é o Rexurdimento, coas principais figuras de Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal (poetas), ademais de Valentín Lamas Carvajal (prosa e xornalismo).